



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2009**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuíña

CONCELLEIROS:
D. Angel Manuel Rodal Almuíña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dña.Laura Miguez Pérez
Dña. Teresa Perez Vieira
D. Manuel A. Gonzalez Marcote

D. Xose Enrique Fernández Fernández
D. Roberto C. Valverde Sabin

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a oito de outubro de dous mil nove, reúnense os señores ditos enriba, co obxeto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión.

Procedése a gardar 1 minuto de silencio pola morte do soldado español en Afganistán.

SR.ALCALDE.- Como saberán, fai moi pouquiñas horas o Cabo do Exército Español Cristo Cabello morreu pola explosión dunha bomba lampa no vehículo no cal ía con 5 compañeiros más.

Tamén, por acordo de tódolos grupos políticos, procedemos a leer o seguinte **MANIFESTO** de apoio ás familias dos mariñeiros do buque atuneiro Alakrana, secuestrados en augas internacionais.

MANIFESTO

" O Pleno da Corporación manifesta a sua solidariedade e apoio ás familias dos mariñeiros do buque atuneiro ALAKRANA secuestrados en augas internacionais do



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

Oceáno Indico e moi especialmente ás familias de D. Ricardo Blach e D. Joaquín Fernández, veciños de Baiona, poñendose a sua enteira disposición para todo o que necesiten nestes difíciles momentos e o mesmo tempo demandar ó Goberno Español unha pronta resolución do conflicto para que todos eles se poidan reunir coas suas familias canto antes.

O Pleno da Corporación acorda remitir esta declaración ás familias dos mariñeiros baianeses e ó Presidente do Goberno Español."

Baiona, 8 de outubro de 2009.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR.

Acta de 3 de setembro de 2009.

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer á devandita acta, e non producíndose ninguna, fica aprobada por unanimidade.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

3.- ORDENANZA DE CIRCULACION DE PEONS E CICLISTAS DO CONCELLO DE BAIONA.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.VILAR, CMN**, quen da conta da seguinte exposición de motivos recollida na devandita Ordenanza:

ORDENANZA DE CIRCULACIÓN DE PEÓNS E CICLISTAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.-

O Concello de Baiona está a realizar unha aposta decidida por adaptar o tipo de ordenación urbanística cara ao que se tendeu nas últimas décadas e ir cara a un modelo máis, sostible e seguro. Para iso, foise desenvolvendo toda unha serie de paseos litorais nos que conviven peóns e bicicletas especialmente. Esta convivencia formula os lóxicos problemas en moitas ocasións con risco de padecer accidentes ao invadir as bicicletas o espazo destinado ao uso peonil. Non obstante tamén é vontade do Concello potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte, para iso, e ao obxecto de garantir a seguridade do peón e as posibles friccións que se poidan producir entre os distintos usuarios da vía pública estableceuse un carril destinado o uso exclusivo de bicicletas para protexer ao peón. Nalgúns tramos, o carril bici sitúase sobre a calzada co fin de protexer a éstes dos vehículos motorizados.

O Real Decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado de sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no seu artigo 7, atribúe aos Municipios competencia para a ordenación e o control do tráfico nas vías urbanas do seu titularidade, así como para a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

devanditas vías e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra administración.

Así mesmo, de conformidade co citado artigo, o Municipio é competente para a regulación, mediante unha ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, dentro do marco das disposicións legais vixentes sobre estas materias.

SR.VILAR, CMÑ.- No exercicio das competencias recoñecidas pola lexislación vixente vimos a propór a seguinte Ordenanza de peóns e ciclistas; ordenanza que consta de 32 artigos e unha disposición final, ordenanza sinxela pero adaptada á nosa realidade urbanística, da que vou facer un pequeno resumo.

A nosa realidade é que Baiona está soportando un tráfico importante de bicicletas en tódala sua beira litoral, especialmente, que vai dende o que é a desembocadura do río Miñor, á entrada da ponte da Ramalloxa, por tódala zona litoral, incluída a península de Santa Marta, e más recentemente co remate das obras do Plan E, do Monteboi, e a eliminación de barreiras de tódala península de Monteboi, ata a Virxe da Rocha, para enlazar xa co futuro carril bici que está no proxecto da Consellería de Política Territorial, que irá dende o que é o Rompeolas ata o noso límite con Faro Silleiro; nós somos partidarios de que se consolide ese proxecto, e entendemos que se van a iniciar as obras no tramo de Baiona proximamente.

En canto a este problema que temos en Baiona, distinguiríamos o seguinte: existen zonas onde as bicicletas irrumpen na calzada peonil, polo que fíxose necesario a sinalización dun carril bici de protección ó peón; este carril exténdese ó longo de tódolo que é o paseo litorial do estuario do río Miñor e da praia Ladeira, Avenida Monterreal, e recentemente instalouse na Palma e no Paseo Pinzón. Todos estes carrís, que están perfectamente sinalizados (xa estaban orixinariamente no estuario do Miñor e na praia Ladeira) indican por onde deben circular as bicicletas e as orienta a circular a unha velocidade moderada, como dí a Ordenanza municipal: a 10 km por hora. Recentemente rematamos a obra dun carril de protección ó ciclista na zona da praia de Santa Marta; este carril ocupa o que é a calzada; é o primer carril que se fai neste senso: ocupando a calzada por onde circulan os automóviles, e foi acompañado dunha dirección única, de entrada, para evitar a doble dirección (que sempre é complexa á hora de protexer ó ciclista); vai acompañada de sinalización, e así se instalaron leds nocturnos, é decir, un sistema de leds que se carga durante o día e durante a noite emite sinais luminosas que permite protexer ós ciclistas dos vehículos nesa zona frente á praia de Santa Marta. Ademáis esta actuación nos permite eliminar o aparcamento de vehículos próximos á acera que dificultaban en gran medida unha posible evacuación da praia nos meses de máxima ocupación.

E unha Ordenanza que recibiu moiñsimos parabéns por parte da xente que utiliza esa zona, e é algo moi importante sobre todo para pór orde nese tramo da praia de Santa Marta.

Hai outras zonas que non teñen este carril, nas cales, nestes intres, o tráfico inusualmente aumentou, como é o paseo Monteboi; co proxecto do Plan E se eliminaron as barreiras arquitectónicas e as bicicletas coparon prácticamente ese paseo como se foxe unha rúa de bicicletas, o que levounos a moiñsimas situacions de conflicto entre peóns e bicicletas; por elo este goberno municipal, analizando o tema cos responsables de tráfico do Concello, designamos esa zona de "especial protección": de uso exclusivo para peóns; é decir: as bicicletas en absoluto poden circular, baixo ningún concepto, nas zonas de especial protección; estas zonas tamén se van a extender ós ríos, tanto ó río de Bahíña como ó río de Baredo; para elo se instalarán unhas sinais de "zonas de especial protección", "paseo de uso exclusivo para peóns".

Tamén limitarase o uso da bicicleta no entorno da Península de Santa Marta, xa que existe a alternativa de que poidan ir pola zona da praia de Santa Marta, e tamén nos paseos de madeira que van sobre os arenais da praia Ladeira, é un paseo realmente estreito o que fai difícil que convivan bicicletas (que poden ir en ámbolos dous sentidos) cos peóns; polo tanto



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

hai que dar unha alternativa: as bicicletas terán que ir ou da mán ou meterse pola estrada, na cal está permitido o seu uso.

O mesmo ocorre no Paseo de Alfonso IX, paseo moi transitado pola xente, o que levounos tamén ultimamente a situacións de grave conflicto polo problema coas bicicletas; por elo tamén nesa zona teñen a alternativa de ir pola calzada ou baixarse da bici e levála da mán.

Esta Ordenanza municipal se fai extensiva ás zonas do Casco Vello, respetando a normativa existente, as bicis poderán circular como o fai calquer vehículo. Tamén que quedarán exentos da mesma os cattivos, ata 8 anos, que poderán ir polas rúas acompañados polos pais sen causar problemas. Nalgúnha rúa sí se prohíbe o uso das bicicletas, como é o caso da rúa Elduayen, ou polas aceiras, cando existen carrís alternativos, isto é de lóxica aplastante.

Se lles esixirá ós ciclistas que levan sempre o casco protector xa que o uso da bicicleta sempre pode implicar unha caída; os propios ciclistas profesionais os levan; é unha medida de seguridade.

Esta é unha Ordenanza axustada á nosa realidade; vai acompañada tamén de sinalización, tanto vertical como no chán; tamén limitará a velocidade das bicis nos carrís de protección ó peón, a 10 km/hora, e se alguén quer circular a máis velocidade terá que facélo pola estrada xeral, igual que o fan moitos ciclistas; pero nos carrís de protección ó peón se limita a velocidade das bicicletas a 10 km/hora. Esta ordenanza vai acompañada dun procedemento que, dalgún xeito, ademáis de regular, faculta á Policía Local a un réximen sancionador, que non ten como fin sancionar, senón que a xente respeite ás Ordenanzas.

Dentro do procedemento sancionador, axustado á Lei, se consideran infraccións leves, graves, e moi graves.

As infraccións leves contempran unha multa ata 50 euros; as graves, unha multa entre 50 e 100 euros, e as moi graves van de 100 a 500 euros; son unhas cantidades bastante razonables e se rebaixaron moito en relación coas que imponen outros Concellos xa que consideramos que as sancións deben pórse para que se fagan efectivas.

Dentro das infraccións leves figura:

- O tránsito polas por beirarrúas sobre patíns ou aparatos similares sen acomodar a marcha ao peón ou con carácter deportivo fóra das zonas sinalizadas en tal sentido. No noso Concello, afortunadamente, temos zonas para o uso do monopatín, temos pistas para elo; nunca polas rúas, posto que poden causar grandes problemas.
- Circular en bicicleta por beirarrúas ou outras zonas peonís sen atender ás condicións de circulación previstas nos artigos desta Ordenanza sen provocar perigo para os usuarios da vía.
- Transitar os peóns de xeito continuado polas vías para ciclistas debidamente sinalizadas. (Lóxicamente os peóns tamén teñen uñha obriga: non interrumpir as vías ciclistas).
- Circular en bicicleta incumprindo as condicións de visibilidade establecidas nesta Ordenanza.
- Circular en bicicleta por vías interurbanas de noite sen luz, sen reflectante ou sen casco. Isto é moi importante, unha bicicleta nunha zona que non está suficientemente sinalizada é un grave risco para os peóns.

Como infraccións graves consideranse:

- Circular vehículos motorizados por beirarrúas, zonas exclusivas para peóns e vías ciclistas sen contar coa correspondente autorización.
- Non respectar a prioridade nos pasos de peóns e nos específicos de ciclistas.
- Non respectar os vehículos motorizados e as bicicletas a prioridade peonil nas zonas sinalizadas.
- Circular en bicicleta por beirarrúas ou zonas peonís superando as velocidades permitidas ou realizando manobras bruscas, con grave risco para os peóns.
- Transitar por beirarrúas sobre patíns ou aparatos de forma imprudente ou temeraria con grave risco para os peóns.
- Modificar ou alterar o contido dos sinais ou colocar elementos sobre estas que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou eficacia, cegar as persoas usuarias da vía ou distraer a súa atención.



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

Considérase infraccións moi graves:

- Circular vehículos por zonas peónis, carril bici, carrís de forma temeraria.
- Circular bicicletas, patíns por zonas de especial protección.

Resumindo, nós facemos moita incidencia nas zonas de especial protección xa que son nas que se poden producir maiores situacións de conflicto. Esta ordenanza se adapta fundamentalmente á nosa realidade; é algo que estaban reclamando tódolos usuarios da vía. Este equipo de goberno non só presentamos aquí esta ordenanza senón que tamén facemos actuacións nas propias rúas de sinalización, tanto de carrís, como de sinalización vertical. Por todo elo, se somete ó Pleno esta Ordenanza que consideramos que é necesaria e imprescindible para a boa convivencia de peóns e ciclistas.

SR.RODAL, PP.- En primer lugar darle la enhorabuena al concejal de Vías y Obras, y Medio Ambiente, Manuel Vilar, por el trabajo que está desarrollando en la mejora del carril-bici en las zonas que comentó anteriormente, tanto en el Paseo de Pinzón, zona de la Palma, todo el tramo de Avenida Monterreal, como también en la zona anexa a la playa de Santa Marta, y cómo no, por la creación de esta Ordenanza municipal, pues es una competencia municipal la ordenación y el control del tráfico en las vías urbanas así como las denuncias e infracciones que se cometen en dichas vías. En Baiona existe la voluntad de potenciar el uso de la bicicleta, pero siempre regulando la seguridad tanto de los usuarios como de los peatones que se puedan sentir afectados por dicha actividad, de ahí la creación de esta Ordenanza, como habíamos comentado en el Pleno anterior. Con ella se regula la señalética de zonas peatonales y de bicicletas; existirán zonas (como se comentó antes) de uso exclusivo de peatones, como el Paseo Monteboy, así como los paseos fluviales tanto de Baredo como de Bahíña, manteniendo así la seguridad de los peatones; y habrá zonas de carril-bici, para patines, patinetes, y bicicletas, con una velocidad máxima de 10 km/hora. También se regula el régimen sancionador, que puede ir desde los 50 euros como máximo para las infracciones leves, de 50 a 100 en las infracciones graves, y entre 100 y 500 euros en las infracciones muy graves. Felicitar nuevamente al concejal Manuel Vilar por la elaboración de esta ordenanza tan necesaria para nuestro Municipio en la mejora de la convivencia en espacios públicos entre peatones y ciclistas.

SR.LORES, PSOE.- O grupo municipal socialista xa manifestou no anterior Pleno e noutras ocasións que para nós tanto os paseos peónis como os carrís-bicis son algo moi importante para Baiona; a senda ciclista e peonil entre Ramallosa e Baiona é un atractivo tanto para os veciños como para os visitantes doutros Concellos. Para nós, regular e dar seguridad é imprescindible, entendemos que isto é o que hai que fazer e dende o Concello debemos traballar para que este tipo de infraestructuras e de Ordenanzas se fagan realidad; de feito, no anterior Pleno, o grupo socialista considerou, truxo a este Pleno, unha Moción para mellorar e para ampliar tanto o paseo peatonal como o carril bici entre a desembocadura do río Miñor e Baiona; algo que se entendeu positivamente por parte de tódolos grupos pero que se quedou en traballálo e concretálo máis para poder realizálo. Nese momento, deixamos enriba da mesa este proxecto para unha ampliación e un estudio posterior.

Entendemos que sí hai que fazer unha ordenanza, tamén entendemos que a preocupación e sensibilidade do señor Vilar antes estes temas é importante, de feito él foi no seu momento quien fixo este paseo, este carril, e parece que hoxe aquí tamén intenta mellorar esta situación; é unha magoa que este tipo de intereses despois non se vexan concretados na redacción tanto dos proxectos como das propias Ordenanzas; non sei si o Partido Popular apoia profundamente isto ou simplemente o deixa para que outros o fagan e que ó final quede pouco concreto e pouco ambicioso, pero dende o noso grupo entendemos que esta ordenanza hai que traballála un pouco máis. Hai boa intención, hai algunas prioridades que compartimos como o de priorizar a seguridad dos peóns nos carrí-bicis, e á das bicicletas na estrada, parécenos que esa é unha boa premisa para iniciar esta Ordenanza, pero o que botamos en falta é que esta intención non se vexa reflexada en actuacións concretas. Pedímos no anterior Pleno que houbese unha separación física entre as duas sendas, entre a peonil e a das bicicletas, para evitar que un descuido dun ou doutro poida ocasionar accidentes que poden ser incluso graves, polo tanto



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

entendemos que esa seguridade pola que se debe loitar e se debe priorizar nestas Ordenanzas non se corresponde coa infraestructura que temos na rúa e creemos que esta ordenanza ten que vir avalada e apoiada por un proxecto de construcción e de mellora do actual carril bici.

Sobre o que se falou no anterior Pleno do carril-bici que se fixo polo Paseo Pinzón, nós entendemos a boa intención (quiero volver a póllo de manifesto) de querer axudar, pero recorda un pouco aquello de "cuidado con lo que deseas porque algún día lo podrás conseguir"; aquello é, con tódolos respetos, unha auténtica folla de horrores e errores dun carril-bici, porque partindo de que en moitos sitios hai unha estrechez moi grande, estando moi xuntos e sen ningunha diferenciación máis cunha raia pintada no chán, parécenos que non é todo o que se debe facer por un carril-bici. Estamos totalmente a favor de facer Ordenanzas, pero pedimos que esta Ordenanza quede enriba da mesa, que se traballe mellor e veña a outro Pleno coa mellora e construcción dos carrís-bicis. Moitas grazas.

SR. VALVERDE, BNG.- Sr. Vilar, ten que sentirse orgulloso vostede con esta ordenanza que nos trae, xa anunciou no Pleno anterior que ía traernos unha Ordenanza tanto para protexer ós peóns como ós ciclistas, e nos parece positivo, o BNG nunca se opuxo á creación de Ordenanzas e menos ás competencias que ten un Concello para mellorar as condicións dos veciños e veciñas, de ordeállas, de que haxa un regulamento ó que nos poidamos axustar todos e acatar unhas reglas escritas para que non haxa sorpresas nin decisións arbitrarias; ten vostede que estar moi orgulloso, o PP o felicita e está moi orgulloso do seu traballo e sobre este tema en especial; pero nós non podemos felicitálo, e non podemos facélo por unha cuestión de ética, é decir, nos trae aquí vostede unha Ordenanza coa que en rasgos xerais poderíamos estar dacordo, unha ordenanza que regula o uso da bicicleta, os distintos usos nas distintas zonas, pero que dende o noso punto de vista non se adapta á realidade, máis ben todo o contrario; unha ordenanza destas características tería que traer detrás unha realidade distinta con respecto ó carril-bici, é decir, nós entendemos que o carril-bici en Baiona non existe; dende o noso punto de vista existen beirarrúas-bici, e xa sendo xenerosos, existen beirarrúas-bici porque hai raias pintadas enriba dunha beirarrúa de paseo.

Se nos pómox a analizar, aínda por riba, a parte sancionadora, nos parece esaxerada; a día de hoxe unha familia que queira sair un domingo a dar un paseo en bicicleta dende Baiona ata Ramallosa, nun viaxe de ida e volta normal, como facemos todos a día de hoxe, se os sancionamos por cada ún dos puntos que esta Ordenanza explicita, saeríalle unha suma de 2.100 euros por bicicleta ida e volta. Aínda por riba fai vostede actuacións nestes últimos meses (como nos indicou na sua exposición) dun carril-bici para protexer ós ciclistas, diante do paseo de Santa Marta, que non fai outra cousa máis que incitar ós ciclistas a que vaian polo paseo de madeira da Ladeira; o que habería que facer era deixar o carril-bici rematar onde estaba, alí na entrada da praia Ladeira, os ciclistas poderían cruzar polo paso de peóns, coller a calzada, e ir por ela ata a curva do Rincón de Pepe e volver a enganchar o carril-bici; entendo que iso sería o lóxico; ¿porque qué facemos coa bici?: vamos por Santa Marta, collemos o carril pola estrada, chegamos a enriba do río de Bahía, teremos que dar volta, vir polo carril-bici de novo e volver ó paso de peóns; non ten lóxica, señor Vilar, hai que pensar as cousas duas veces, entendo eu.

Coido que esta Ordenanza está ben, non quero ser pesimista, quero ser constructivo; coido que é unha ordenanza cun criterio coherente, que se podería incluso chegar a aprobar se as infraestructuras que tiveramos no noso Concello así o permitisen; pero é que hoxe en día non temos alternativas para poder facélo; vindo de Ramallosa cara a Baiona cando chegamos por detrás de "Aridos Esmeraldo" temos outro problema, o que temos que facer é construir alternativas para que os ciclistas poidan vir ata Baiona e dende Baiona a Ramallosa.

No anterior Pleno dixerón que truxeramos alternativas, que fixeramos plans, estudios; vostedes dixerónlle ós compañeiros do PSOE que traballasen máis a sua Moción; vamos a ver, eu creo que os políticos temos que ter iniciativas, ideas, proxectos, pero logo terán que ser os técnicos os que os redacten e os poñan en práctica.

Pero voulle a dar outras alternativas, outras ideas, que poidan ir barallando por se algún día deciden traballállas; cando vostede ven de Ramallosa ata a entrada da Ladeira temos unha rastrada, rastrada que ven pola vía cunha beirarrúa bastante ampla que non se está utilizando



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

prácticamente, unha beirarrúa que debe ter uns 4 metros de anchura e pola que poden ir unhas 5 ou 6 persoas por éla; adaptemos esa beirarrúa e fagamos por ahí un carril-bici que pase por diante do cemiterio e volva a enganchar co carril-bici que temos xa construído na outra parte da Ladeira; ahí podemos facer algo, hai posibilidades materiais de espazo, físicas, para poder facer un carril-bici e darlle unha alternativa ós ciclistas. Logo temos un problema, coido que importante, no seguinte paseo de madeira da Ladeira, temos un problema físico de anchura, ou sexa, temos unha estrada xa limitada na sua anchura, non hai arcén, porque outra das problemáticas que vemos con esta Ordenanza é que obrigamos ós ciclistas a ir por estradas que carecen de arcén co consecuente perigo que iso ten para eles, e non digo que a alternativa de que as bicicletas vaian polo paseo da Ladeira sexa o mellor, non, pero é o que hai, é o que hai a día de hoxe, e sempre mirando dende a óptica de que son xentes que está paseando, non xente que está facendo unha ruta en bicicleta; xente que quer dar un paseo, que colle a sua bicicleta unha mañá, unha tarde, ir ata Ramallosa e vir de volta; iso é no que temos que pensar.

Logo, as restrinxións que fan, é unha das cuestións que nós vemos na ordenanza, é decir: pór como lugar de protección os paseos de madeira, que me parece moi ben que se poñan pero cando teñamos alternativas reais para que os cicloturistas poidan circular por outros lugares; mentres, coido que o que habería que facer é deixar a Ordenanza no sentido de que no resto dos lugares de sentido peonil que se actúe con coherencia; o do límite de velocidade me parece estupendo, é decir, o que non pode ser é que veña ún a toda leche polo paseo e arranxe con todo o mund; hai que ir con sentido e coherencia, iso sí nos parece lóxico.

Por outro lado nos parece moito máis grave estar circulando con bicicleta dentro do casco vello que non polo Monteboi; se vostede vai en bicicleta pola rúa Conde e nunha destas bocacalles sae un peatón apurado, o come, por moi a modiño que vaia; sen embargo, ahí o permitimos, é lóxico permitílo, ¿porque no paseo Monteboi non?, o lóxico sería non permitir que ninguén vaia a toda leche, nin facendo subidas ou springs, habería que reprimirlo e sancionar incluso, se o fai reiteradamente; pero ir de paseo en familia nas bicicletas e cos rapaces poidendo disfrutar desa maravillosa paisaxe que temos neste Concello, e dese bó paseo que temos, por certo, e ben adaptado que está agora, en iso sí que hai que felicitar ó equipo de goberno que coido que foi unha boa obra a que fixeron ahí, arredor do Monteboi, coido que é algo que non se pode restrinxir o uso das bicicletas. O mesmo problema o atopamos no paseo de Alfonso IX, temos duas alternativas: ou baixar da bicicleta e ir con ela da mán, ou meternos en Elduayen (xa non quero pensar no verán coa densidade de tráfico que hai) e pórmos a circular por unha estrada estreita de por sí, en bicicleta.

Por outro lado temos o réxime sancionador; eu pregunto ¿quen vai aplicar este réxime sancionador?, que eu saiba a Policia é escasa neste Concello, para atender as demandas da circulación de vehículos xa non dá abasto; estamos vendo que hai vehículos aparcados tódolos días en lugares onde non se pode estacionar e se lles multa unha vez ó mes,¿ entón qué vai pasar co tema das bicicletas?. Vostede acaba de decir na sua exposición que o obxectivo non é sancionar a todo o mundo, ¿soamente van a sancionar a quen vostedes queiran, entón?, e que áinda por riba iso foi o que dixo vostede na exposición de motivos; máis grave me parece todavia.

O tema da rebaixa das sancións vou a deixarilo no aire, non me parecen nada económicas; os cálculos son así de reais: ata 2.100 euros de multa é o que lle pode sair a unha familia o viaxe Ramallosa-Baiona, Baiona-Ramallosa; barato non é.

Outra das cuestións que tamén nos choca é limitar a idade dos nenos a 8 anos; penso cun neno de 9 anos ten o mesmo dereito a andar en bicicleta en calquer lugar cun neno de 8; non sei en que se baseou vostede para pór este límite; gustaríame que mo explicara porque non o entendo. O tema do carril que vostedes fixeron na estrada a Santa Marta, máis cun carril de protección á bicicleta a mí paréceme un carril de martirio ciclista: todo adoquinado, incomodísimo para pasar por alí, cheo de area; o que se vai a conseguir é que se caiga algún e se esnafre; sobre todo cando hai vento xa vemos que a area de Santa Marta vai toda para esa estrada; coido que iso teñen que borrálo inmediatamente, rectificar esa zona de carril, me parece un érro rotundo habélo feito ahí; e me parece moi bonito o tema das luces, queda moi bonito de noite, pero efectivo non é.



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

En definitiva, o BNG solicita que retiren esta ordenanza da Orde do Día, que a deixen no caixón; nos parece que está ben redactada, que se pode aproveitar moiísimo déla, pero non é o momento nin está adaptada á realidade do noso Concello. Que quede constancia de que nós so pedimos a retirada deste punto da Orde do Día. Nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Grazas a tódolos portavoces, acaba de decir o BNG que é unha ordenanza ben feita, ben redactada, pero agora no turno de réplica me gustaría contestar a algunas cousas. Parece que aquí se individualiza un pouco a Ordenanza no meu traballo persoal, eu lles direi que non; esta Ordenanza nace dun traballo en equipo por parte de tódolo goberno municipal; eu nalgún momento podo tomar a decisión de plasmar aquí nunha Ordenanza porque nós, como goberno municipal, debatimos e analizamos cal é o mellor, ou sexa, é unha ordenanza que ven traballada por tódolo equipo de goberno, e se inclúen tódolos sectores: Turismo, Medio Ambiente, Policía Local, etc., posto que dalgún xeito se trata de articular a todos para que sexa unha ordenanza adaptada á nosa realidade.

Otro dos aspectos que me gustaría aclarar é que aquí non podemos facer autopistas ó ceo; nós temos un espazo, ese espazo é o que é, e o que desgraciadamente nos limita; e a nós, dende o goberno municipal, nos gustaría facer uns carrís-bicis con zonas de protección, en ámbolos sentidos, en fin, algo moi mellor, pero a realidade de Baiona é a que é, e polo tanto temos que axustarnos a ela e limitarnos a nosos espazos.

En canto a algunha das consideracións que fixo o BNG, por exemplo como que hai zonas de Ramallosa a Baiona onde poderíamos establecer carrís-bicis de protección ó ciclista, onde conviviran bicicletas con vehículos, eu creo que sí hai espazos e non se descarta esa posibilidade; non se descarta que pola estrada do litoral, incluso a que circunvala o cemiterio de Sabarís que ven a dar á calle Areas, sexa posible facélo, pero estamos pendentes dunhas últimas actuacións nas que pode comprometerse tamén a Consellería como é a colocación dunha rotonda na zona do Rincón de Pepe; é posible que poida levar ese carril, e nós non descartamos esa posibilidade se hai espazo físico. Polo tanto, esa suxerencia que transmite o BNG a teremos en conta e de feito xa estamos traballando nela. Iso non quita que hoxe se aprobe a Ordenanza, porque dalgún xeito nós temos que seguir avanzando e regulando esa convivencia entre peóns e ciclistas.

Tocaronse aquí algúns temas como ó da zona de Santa Marta. Teño que decir que a zona de Santa Marta ordenouse pensando, primeiro, que esa praia, durante este verán, ó ter doble sentido, era unha zona de moiísimos conflictos e, como dixen antes, o carril-bici resolve en gran medida a eliminación dos aparcamentos que había próximos ó paseo da propia praia; alí as bicicletas sí ian por riba do paseo; e efectivamente áinda que agora os ciclistas teñan que ir por unha zona onde hai pavés, onde hai adoquín, onde hai paralelo (como lle chaman os portugueses), e teña que ir a bicicleta vibrando, é moi mellor iso que non que teñan que ir por enriba do propio paseo. Ademáis isto non quer decir que estén obrigados a ir por ahí, esa é unha opción máis; os que queiran ir por ese carril-bici de protección ó ciclista; tamén poden ir se queren pola estrada, ningún llo prohíbe; por suposto teñen máis risco, pero é unha opción.

Tamén tocaron o tema das pontes de madeira sobre a praia Ladeira; esa ponte é a que é, e vostedes coincidirán, coa maior lóxica do mundo, en que a convivencia nesa zona de bicicletas en ámbolos dous sentidos con peóns provoca unha situación de conflicto, e sobre non das persoas que poidan ir moderamente, senón que hai xente que por ir en bici cree que ten prioridade sobre os peóns, e ten que estar claro que nese caso que ten prioridade é o peón; é por lóxica, por sentido común. Unha persoa que queira ir en bicicleta ou terá que ir con ela da mán ou ir pola estrada; igual ocorre no paseo Alfonso IX, iso é inevitable.

En canto ó tema dos expedientes sancionadores; nós temos a obriga de lexislar, de facer ordenanzas, pero quen os ten que levar á práctica é a Policía Local; nós non podemos pensar se os Policias van a sancionar ou non van a sancionar, é que teñen a obriga de sancionar; teñen a obriga de vixiar a aplicación da Ordenanza, porque senón estaríamos cunha inseguridade xurídica e non poderíamos facer nada. Supoñamos, eu estou seguro, que a Policía Local de Baiona vai a cumplir coa aplicación desta Ordenanza.



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

Sobre ó tema da idade, decir que está moi contrastado en tódolos manuais pedagóxicos que o neno, ata os 8 anos, está sempre ó amparo do pai; xa cando ten 9, e 10, polo seu propio desenrolo, empeza a emanciparse; e vostede xa o comprobará cos seus fillos que ainda son uns cativos que están nunha idade que os pode controlar, pero cando cumpran 9 anos seguro que xa non tanto; por iso entendemos que esa idade de 8 anos é a correcta posto que áinda van cos pais.

Por outra banda, decir que creo que o BNG se equivoca na sua postura oficial; ao mellor non os portavoces en Baiona, que son bastante moderados, senón que falo da postura oficial do BNG, que publica nas suas páxinas web; eu cando o leí me horroricei, pero tamén dixen unha cousa: a intervención tanto de Xose Enrique como de Roberto no Pleno non vai a ser a oficial do BNG, porque isto está feito polos talibanes do BNG; menos mal que Xose Enrique e Roberto fixeron unhas intervencións bastante moderadas, como esperabamos déles; polo tanto, ós talibáns os deixamos para a páxina web e aquí que actúen os moderados.

En canto ó paseo Monteboi ten que ser de uso exclusivo para peóns; e sei que hai moita xente que vai por alí facendo bó uso da bicicleta porque van moderamente, pero ultimamente as situacións de conflicto foron bestiais; hai xente que va por alí a unhas velocidades excesivas, que non hai forma de controlar; valoramos, reflexionamos sobre ese asunto, e cando eliminamos as barreiras arquitectónicas sabíamos que isto podía ocorrir, e na práctica se demostrou que iso é así. Entón, para evitar esas situacións de conflicto, non nos queda máis remedio que declarar ese lugar como zona protexida posto que moitas veces se masifica ese paseo; a xente vai porque quere disfrutar do paseo e ten que facélo con tódalas garantías, especialmente as persoas maiores que son as que teñen menos reflexos para poder esquivar unha bicicleta. Polo tanto ésta é unha decisión que temos moi meditada, e somos conscientes de que en certos tramos, como ó de acceso ó dique de abrigo, terán que ir vehículos cando se teña que facer unha actuación na doca; ninguén vai a prohibir que entre e saia un vehículo da doca, pero sempre serán casos puntuais e controlados.

Me alegra que digan que é unha Ordenanza coherente, pois fixémola con esa intención; e repito: a fixo o equipo de goberno; Manuel Vilar se limita a ser o portavoz do equipo de goberno en canto a esta Ordenanza, o ponente.

Creo que se debe aprobar esta Ordenanza, é positiva; iso non quita que no futuro se fagan máis carrís-bici en Baiona onde realmente se poidan facer; e como dixen antes, este Concello defende os carrís-bici, defende a convivencia entre peóns e ciclistas, e defendemos o proxecto da Xunta de Galicia entre Baiona e Silleiro para que toda a nosa costa teña un carril bici e nos coloque á vanguardia do litoral español nese tipo de instalacións.

A Ordenanza non se debe retirar, non se vai a retirar, e esperamos que tódolos grupos voten a favor.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da retirada da Moción a proposta do BNG e PSOE, resultando: votos a favor, 8 (6,PSOE, 2,BNG), votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMN), polo cal, por mayoría do equipo de goberno, rexeitase a retirada da moción.

SR.RODAL, PP.- En primer lugar agradecer al Sr.Valverde que haya sido cauto en su exposición porque realmente, como bien ha dicho Manuel Vilar, pensabamos que iba a ser muchísimo más contundente; también agradecerle que hicera una exposición tan explícita; imagino que habrá hecho todo el camino en bici o peatonalmente porque ha explicado de manera exacta y concisa cada tramo.

Han dicho que es una ordenanza muy bien hecha, creo que eso la define; han dicho que está muy bien hecha pero que no está adaptada a nuestro Concello, y nosotros, desde el Partido Popular, creemos que es al revés: está adaptada a nuestro Concello. Empecemos, por ejemplo, por los paseos fluviales; cuando llevaba Medio Ambiente creamos el paseo fluvial de Baredo y una de las peticiones de las muchísimas personas que caminan por allí era que ese paseo fluvial de madera sea para caminar; no es un paseo de tierra para bicicletas, pues habría un montón de problemas en la convivencia de peatones y bicis, aparte de la peligrosidad; por supuesto que hay que regularlo.



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

En el caso del paseo fluvial de Bahíña, lo mismo; lo lógico, y a todos nos gustaría, es que hubiese esa convivencia entre peatones y bicicletas, por ejemplo en ese caso, así como también intentamos que los paseos rompan las barreras arquitectónicas; en el caso de Baredo se hizo en todo el paseo, en el de Bahíña solamente se hizo en el primer tramo al lavadero, y ¿porqué?, porque en el siguiente tramo con la pendiente que tiene es totalmente imposible, pasamos de los 6 grados de inclinación, y entonces se hicieron escaleras, con lo cual, por lógica, al haber escaleras ya no debían de ir bicicletas; y estamos hablando de bici en los paseos fluviales donde hubo quejas de otros vehículos, incluso de vehículos motorizados; hay que regular todo esto.

Decía anteriormente el Sr.Valverde que los de los 10 km/hora le parecía bien; si un caminante, más o menos a un buen paso, va a 6 km/hora, y las bicicletas no van a más de 10 km/hora, creo que habría una buena convivencia; lo que no es convivencia es que un caminante vaya a 5 o 6 km/hora y la bicicleta a 30 ó 40. Por ello, con esta ordenanza que se presenta hoy aquí, que obligue a la gente a respetar esta norma, a lo mejor no haría falta lo que comentaba el Sr.Lores de separación entre el carril-bici y la zona peatonal.

Desde el Partido Popular le damos la enhorabuena al Sr.Vilar. Es cierto que al hacer la ruta en bicicleta hay zonas como las que dijeron aquí, con vértice y demás, pero tenemos que adaptarnos a lo que tenemos y fijense en la diferencia que hay si ustedes entran en la zona del Balneario, paseo Pinzón, y llegan hasta Ramalloso, como está este carril bici a día de hoy (que aún falta algo de señalética), sigan hasta Panjón y comprueben como está el siguiente tramo: no tiene ni 200 metros delimitado, y por supuesto imagino que no tendrán Ordenanza.

Se está haciendo el trabajo muy bien y nos adaptamos perfectamente, como muy bien ha dicho Manolo también, a nuestra realidad, aunque obviamente siempre hay puntos conflictivos.

Veo que este tema lo han estudiado muy bien, por la exposición del Sr.Lores como del Sr.Valverde, lo han revisado de arriba a abajo, al igual que nosotros; pienso que para la realidad que ahora mismo tenemos esta Ordenanza es totalmente lógica y por supuesto legal del todo, y tenemos claro que hay que regular: antes los perros podían andar por el casco, ir a la playa; ahora no, ahora hay que regular: tienen que llevar microchip y no pueden ir a las playas; pues con ésto pasa igual, cualquier problema que haya en la vía pública entre un ciclista y un peatón tiene que estar regulado.

Y sigo diciendo lo mismo que defendí en el anterior Pleno, este no es un carril-bici como el de Madrid o el de Barcelona, este es un carril-bici de paseo; ese es el concepto. Ojalá que podamos hacer a nivel mancomunado un carril-bici que llegue hasta La Guardia realmente de tránsito de bicicletas, o para cicloturistas; pero éste es un carril-bici de "paseo", y esa es la connotación que hay; sino se pasa de los 10 km/hora, que estará penado, seguramente los problemas que hubo hasta ahora se reducirán al máximo; ese es el concepto que tiene que haber.

Si después hubiera muchísima afluencia, estupendo; y también sería estupendo que hubiera espacio físico; pienso, por ejemplo, en que a todos nos gustaría que hubiese un tranvía Vigo-Baiona, pero ahora mismo no hay posibilidad de tener ese tranvía; dentro de lo que tenemos, todas las medidas que se han hecho últimamente, esas alternativas que se han puesto del carril-bici, son estupendas; ya se está viendo; ahora mismo pueden apreciar, cualquier día, por donde va la gente que circula en bicicleta; y dentro de poco todo el mundo tendrá el concepto de que por el paseo Monteboi no se puede ir en bicicleta.

Este es un trabajo muy pensado, muy detallado, y a día de hoy es lo más realista y lo que tenemos en nuestro pueblo. Si en el futuro nos hacen un carril-bici de 3 metros, que tenga metro y medio para los ciclistas en cada sentido, fenomenal; ahora mismo el que hay es de 1,50 o 1,80, y si se baja la velocidad podrán ir dos bicicletas en sentido contrario sin ningún problema. Muchas gracias.

SR.LORES, PSOE.- ¿Qué entendemos dende o Partido Socialista?, pois entendemos que esta é unha Ordenanza adaptada ó salón de Plenos, pero non adaptada á realidade de Baiona; está perfectamente, estamos todos dacordo neste papel, pero resulta que despois vamos a pasear ou collemos a bicicleta, con esta Ordenanza aprobada, e temos os mesmos problemas que ata agora, ¿porqué?, porque nos limitamos a regular o que temos e non temos ningunha capacidade, ningunha intención, nin ideas de transformar o que temos, mal vamos. Non se trata



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

de facer unha Ordenanza que regule o que xa temos; do que se trata dende a Corporación ou dende o equipo de goberno é de que si o que temos non é o que deberíamos ter, hai que transformálo; ter ambición en facer as infraestructuras que os veciños e as veciñas de Baiona nos merecemos, e os visitantes; non conformarnos con pintar unha raia e decir que é un carril-bici e que por ahí soamente irán as bicis porque iso non é así; se nos limitamos a eso no salón de Plenos quedará marcado por Santa Marta un carril-bici, polo paseo Pinzón outro carril-bici, pola Ladeira un tramo de carril-bici e outro de madeira, chegamos a un tramo, baixamos da bicicleta, andamos un pouco, volvemos a subir á bicicleta e seguimos andando, iso son autopistas que levan ó ceo, señor Vilar.

Do que se trata primeiro é de estudiar o que temos, transformálo e adaptálo á realidade actual; nós xa dixemos no anterior Pleno que o que fixo no seu tempo nos parecía importante para Baiona, pero non nos quedemos no que xa está feito; tratemos non so de traer papeis ó Pleno senón de traer papeis basados en actuacións concretas de calidade. En canto á senda ciclista, en ningún momento vamos a dudar da boa intención e interés que ten o equipo de goberno en regular esta situación pero o que sí pedimos é que nesta Ordenanza houbese tamén un proxecto de mellora das infraestructuras que temos neste momento, porque de pouco vale ter un camiño de terra e decir que hai que meterlle semáforos, non; o primeiro que hai que facer é unha vía en condicións, e despois regulála.

En canto ás zonas de especial protección, nós entendemos que non hai porque achegarse en bicicleta a todas partes, que hai paseos que deben ser única e exclusivamente para peatóns, para o disfrute do paseo, ben, iso parécenos que ten sentido.

En canto ós 8 anos, parécenos, como decía o compaño do BNG, quizá unha idade un pouquiño corta; nestes momentos prácticamente ata Primaria os nenos van sempre acompañados dos seus pais; ao mellor habería que ampliar esa idade. Sería cuestión de ver por zonas porque da certa seguridade ás familias que os fillos poidan andar en bicicleta con absoluta seguridade; se tes un fillo de 9 anos que pode ir pola curva do Manco en bicicleta, ou na rúa de Elduayen pola propia rúa, sempre estarás en vilo do que pode pasar. Son temas moi concretos que habería que estudiar por zonas.

Outra cousa que botamos en falta sobre este carril-bici é que en moitos casos non hai alternativa, ou sexa, chegas a un punto onde tes que baixar da bicicleta, non hai alternativas; entón é unha discontinuidade, polo tanto entendemos que hai que regulálo pero tamén entendemos que non se pode regular algo que non existe, e nestes momentos non hai un carril-bici de Ramallosa a Baiona continuo, estamos regulando a tramos. Entendemos a boa intención, pero tamén entendemos que un equipo de goberno que ten a obriga de transformar Baiona non se pode limitar simplemente a traernos papeis ó Pleno e non facer nada máis; por iso, como o señor Vilar dentro do equipo de goberno é unha parte, é un socio, entendímos que ao mellor era o PP que non lle puña os cartos, por iso decíamos que unha cousa era a intención e outra cousa eran os cartos que ó final é que ten o poder; non hai que ter soamente boas intencións e nada máis á hora de gobernar; hai que ter intencións e ser quen de plasmállas en actividaís concretas. Entendemos que é unha boa iniciativa que se trate de regular, pero non é unha Ordenanza que podamos apoiar, polo tanto vamonos abster neste punto. Moitas grazas.

SR. VALVERDE, BNG.- Sr.Rodal, adaptada a Baiona sí está; eu estou convencido de que esta Ordenanza sí está adaptada a Baiona, de feito prohíbe pasar polos paseos de madeira e polo paseo Monteboi, é decir, noutros lugares non existen estos paseos; co cal, adaptada está, seguro; e ademáis sancionada cunhas cantidades importantes; pero o que non existe no Concello de Baiona son alternativas a certos lugares concretos.

Gústame moito que miren a nosa páxina web de cando en vez, coido que iso enriquécenos a todos e vostedes xa sabían a nosa postura ante este punto antes de comenzar o Pleno; coido que é positivo, as novas tecnoloxías acercan o coñecemento a todo o mundo dunha maneira global, é algo importante e positivo. Gústame que haxan leído esta nota de prensa; lamento que os medios de comunicación non lle fixeran nin puñetero caso, sinceramente; iso é o que lamento, pero Internet está ahí e é visible en todo o mundo.



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

Sobre os talibáns do BNG, como vostede lles chama, vou a darrle unha desilusión: somos nós; eu coido que esta nota de prensa acaba de reflectir todo o que eu lle dixen; vamos a ver, unha cousa é o que vostede lea ou interprete nun momento dado, pero eu non dixen nada que non esté recollido nesa nota de prensa, máis ben todo o contrario, o que puden facer foi explicitarme algo máis e explicálo; pero en sí, nós recollemos ó 100% o que decía esa nota de prensa.

A Ordenanza a traballamos Sr. Vilar, e con moito gusto, e nos doe non poder aprobála, sinceramente, porque xa lle dixen ó principio da nosa intervención que a postura do BNG é sempre apoiar Ordenanzas que regulen todo o ámbito municipal e máis nun tema como éste no que sí existen regulamentos a nivel xeral ós que podemos optar, pero o Concello pode, e ten a obriga, de poder ordenar e lexislar ó respecto.

O artigo 6 é un dos artigos que máis nos gustan, sobre todo o apartado en materia de sinalización, e espero que cando vostedes aproben esta ordenanza (porque o noso voto vai ser negativo neste momento) retiren tódalas sinais de Restaurantes e demás que están incordiando a vista das sinais de tráfico que temos que ver tódolos conductores e viandantes, porque cando un turista quere vir desde Ramalloa a Baiona non sabe por onde ten que ir porque o único que mira son letreiros de restaurantes; é un grave problema que temos neste Concello. A filosofía deste artigo nos encanta nese sentido, se vostedes o aplican solucionarán un grave problema de sinalética neste Concello; o aplaudimos e apoiamos.

Artigo 8. Este é o artigo da discordancia. Estou seguro que si eliminamos o segundo parágrafo deste artigo poderemos aprobar esta ordenanza sen ningún tipo de problemas porque entendo que vostedes queiran eliminar o paso das bicicletas polos paseos de madeira e por Monteboi; coido que eliminálo polos paseos de madeira é o ideal, pero non temos alternativa a día de hoxe; hai que ser realistas; non podemos eliminálo neste momento. Se vostedes eliminan ese parágrafo, mantendo a Ordenanza tal cal está, e no artigo 18 que é un artigo que recolle dende o noso punto de vista a esencia desta ordenanza, sustitúen o casco histórico por tódalas zonas peonís, penso que a poderemos aprobar todos sen fixuras neste momento. Fixese vostede que fácil é poder aprobar unha Ordenanza: soamente sacando cousas evidentes que fan inviable que poida ir adiante.

Por certo, teñen un erro no artigo 25, xa llo aviso, fan referencia ó artigo 35 da Ordenanza cando non existe, ó noso entender debe facer referencia ó artigo 23; o digo para que o corrixe antes da exposición pública.

Por certo, hoxe estase debatindo no Parlamento de Galicia si se inician as obras do carril-bici entre Baiona e A Garda, a raíz dunha petición do grupo municipal socialista; agardemos que o PP teña a ben atendéla e comencen as obras dunha vez porque licitadas están; penso que aquí o PP está demostrando que ten unha sensibilidade importante sobre este tema, e coido que tódolos grupos políticos tamén a temos, e que iso pode ser algo que nos beneficie tanto a Baiona como a tódolos Concellos ata A Garda.

